

OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

Un **medio de comunicación** é unha canle mediante a cal se transmite información.

Hai medios de comunicación:

- Interpersoais: serven para o intercambio de información entre persoas (teléfono, correo electrónico, fax, carta...).
- **De masas**: son os que transmiten información a un número elevado de persoas (xornal, libro, radio, televisión, cine, publicidade, internet...).

Dentro dos medios de comunicación de masas atópanse os **medios xornalísticos**, que son os que serven para informar sobre o que acontece no mundo. Estes medios foron nacendo ao longo da historia na seguinte orde:

- Prensa (s. XVIII-XIX)
- Radio (finais s. XIX)
- Televisión (1ª metade s. XX)
- Internet (2ª metade s. XX)

Hoxe en día, dentro da **prensa** temos xornais en papel e xornais dixitais. Tamén os hai de ámbito galego (*La Voz de Galicia*, *Nós Diario*), español (*El País*, *El Mundo*), etc. Ademais, hai xornais especializados, sobre todo en deportes (*Marca*, *As*).

En canto ás emisoras de **radio** e canles de **televisión**, cómpre diferenciar entre as que son públicas (*Compañía Radio Televisión de Galicia*, *Compañía Radio Televisión Española*) e as que son privadas (*Onda Cero*, *Cadena Ser*, *Antena 3*, *Telecinco*...).

A chegada de **internet** revolucionou todos os demais medios de comunicación. Agora, por exemplo, empréganse moito os **podcasts**, que son contidos de audio ou vídeo que están na Rede para ver/escoitar online ou descargar.

Os **xéneros xornalísticos** son os tipos de textos que podemos atopar nun medio de comunicación, é dicir, as diferentes maneiras nas que se pode presentar a información. Hai xéneros que simplemente informan (**noticia**, **reportaxe**, **entrevista**, **crónica**) e outros que interpretan/dan opinión (**artigo de opinión**, **crítica**).